

Tribunal cualificador do proceso selectivo para cubrir trinta e sete prazas da categoría profesional de técnico/a de servizos xerais, grupo III, convocado por Resolución Reitoral do 15 de marzo de 2022 (DOG de 28 de marzo)

O Tribunal cualificador do proceso selectivo de técnico/a de servizos xerais da Universidade de Santiago de Compostela acordou, en reunión celebrada o día 03/05/23 establecer e publicar os seguintes **criterios de corrección para o terceiro exercicio**:

PRIMEIRO: esta proba, segundo a convocatoria, consistirá na realización dun exercicio de carácter práctico ou teórico-práctico, proposto polo tribunal e relacionado co contido do temario do programa, no cal os/as aspirantes deberán demostrar as capacidades para o desempeño das funcións correspondentes. O exercicio estará desagregado en 35 preguntas tipo test, máis 5 de reserva, con tres respuestas alternativas das que só unha será correcta. Este exercicio cualificarase de 0 a 35 puntos e será necesario para superalo obter un mínimo de 15 puntos. Para acadar estes 15 puntos é preciso ter 15 respuestas correctas.

SEGUNDO: as preguntas non contestadas, así como aquellas nas que se sinale más dunha resposta ou non se poida distinguir a sinalada como correcta na folla de respuestas, non computarán para a puntuación final. As preguntas de reserva, numeradas da 36 á 40, entrarán por orde a substituír ás preguntas que puidesen ser anuladas no caso de estimarse reclamación sobre elas.

TERCEIRO: o tempo máximo para a realización desta proba será de 90 minutos, agás para aquelas persoas que teñan concedida algunha adaptación que supoña ampliación do tempo establecido.

Lémbrese ás persoas aspirantes que deberán vir provistas de documentación oficial con fotografía, que permita a súa identificación (DNI, pasaporte ou carné de conducir), así como de lapis do número 2 e goma de borrar.

Santiago de Compostela

A presidenta do Tribunal
María del Carmen Ríos López

Documento asinado dixitalmente conforme á Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015).

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: MARIA DEL CARMEN RIOS LOPEZ, NIF ***3967**, 03/05/2023 15:25:43.

CSV: 7F94-CD49-46D3-955A